

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN RELACIÓN COA
SITUACIÓN DO CEIP DE VITE

1. O Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela, manifesta a súa preocupación pola grave situación na que vive a comunidade educativa do colexio público de Vite, como consecuencia da necesidade de persoal docente e auxiliar que se está a rexistrar no inicio do actual curso escolar.
2. Esta Corporación Municipal e os grupos políticos que a integran apoian e defenden a demanda do CEIP de Vite para axustar o número de coidadores/coidadoras e de profesores/profesoras especialistas en pedagogía terapéutica ás necesidades reais do centro.
3. O Concello recoñece a defensa desta situación por parte da ANPA do CEIP de Vite e expresa o seu apoio á mesma, toda vez que é fundamental que se faciliten medias de apoio personalizadas e efectivas en contornos que fomenten ao máximo o desenvolvemento económico e social, de conformidade co obxecto da plena inclusión.
4. O Concello insta á Xunta de Galicia, como administración competente na materia, a que con carácter de urxencia tome as medidas oportunas para garantir unha resolución satisfactoria das demandas da comunidade educativa do colexio público de Vite. Con ese fin, instamos tamén á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que revise a catalogación actual deste colexio para axustar a súa cualificación e a súa ratio de profesorado e persoal auxiliar á realidade do alumnado con necesidades educativas especiais.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2015


Marta I. Lois González
Grupo Municipal Compostela Aberta


Francisco Reyes Santiás
Grupo Municipal do PSOE


Agustín Hernández Fernández
Grupo Municipal do PP


Rubén Cela Díaz
Grupo Municipal do BNG